

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A FUNDACIÓN LABORAL DA CONSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA EXPERIENCIAL DE FORMACIÓN-EMPREGO "RenÓbrate"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, esta consellería asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Con base no exposto, correspóndelle a esta consellería a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas á mellora da empregabilidade e redución do desemprego, mellorando as condicións do mercado de traballo, prestando especial atención aos colectivos con especiais dificultades de inserción, no marco da Estratexia europea de emprego, do Programa nacional de reformas, do Sistema nacional de garantía xuvenil, do respectivo Plan anual para o fomento do emprego digno (PAFED) e no eido da colaboración institucional.

Nese marco encádranse os programas públicos mixtos de formación-emprego que forman parte dos programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego, e regulados polo Real Decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego. Estes programas mixtos de formación-emprego teñen entre os seus obxectivos contribuir a responder ás necesidades do mercado, preferentemente en ocupacións relacionadas coa recuperación do patrimonio artístico, histórico, cultural ou natural, a rehabilitación de contornas urbanas ou naturais, a eficiencia enerxética e as enerxías renovables, así como calquera outra actividade de utilidade pública ou interese xeral e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia considera necesario apoiar e apostar por modelos de programas de formación-emprego diferentes aos tradicionais, cun dobre obxectivo e finalidade, por unha banda que as persoas poidan cursar unha especialización daquela cualificación que xa poidan ter adquirido e que esa especialización estea vencellada ao territorio e as súas características. Este modelo actualmente non existe en tanto que os programas de formación-emprego tradicionais están vencellados á obtención de certificados profesionais, e neste novo modelo experiencial apóstate por un tipo de formación non formal en base a un programa ou itinerario formativo "ad hoc" para adquirir esa especialización e tendo en conta as características do ámbito territorial no que se desenvolverá.

Neste sentido cómpre sinalar que o sector da construción en Galicia atópase nun momento de transformación profunda e no que conflúen unha serie de factores que condicionan o seu futuro, sendo os principais os seguintes: a presión de demanda de vivenda, a transición cara a un modelo produtivo industrializado e a escaseza crítica de man



de obra. Estes tres factores están directamente relacionados entre sí en tanto que non poderá haber vivenda asequible nun prazo razoable sen un sector capaz de produci-la e non haberá un sector capaz de produci-la sen un sistema de formación e emprego áxil e aliñado coas novas formas de construír.

Por Acordo do Consello da Xunta de febreiro de 2025, a industria da construción foi declarada sector estratéxico de Galicia e no seu Plan director da Industria da Construción, recoñécese no seu Eixo 3-Persoas, que a atracción de talento xunto coa adecuación da formación ao posto de traballo son elementos críticos e necesarios, polo que resulta pertinente e necesario concretalo en medidas de acción. A isto engádesse ademais que se estima que en Galicia, na próxima década, o sector demandará por ano ao redor de 3.500 persoas traballadoras máis.

Neste sentido, a Fundación Laboral da Construción, é unha entidade non lucrativa creada pola disposición adicional do I Convenio General de la Construcción (CGSC), publicado en 1992 que ten como fin prestar servizos encamiñados a profesionalizar e dignificar os distintos oficios e empregos no sector da construción a través do estudo, programación e desenvolvemento dos servizos de fomento de formación profesional, mellora da saúde e seguridade no traballo, e do emprego. Os estatutos da entidade establecen que para desenvolver estes fins, a Fundación poderá poñer en marcha proxectos formativos que teñan que ver coa súa actividade.

A Fundación está formada polos principais interlocutores do sector: Confederación Nacional de la Construcción (CNC), Comisiones Obreras del Hábitat (CCOO – Hábitat) e a Federación de Industria, Construcción e Agro de UGT (FICA-UGT) que segundo o Convenio Colectivo do Sector está financiado entre outros, por unha cuota obrigatoria das empresas. Trátase da entidade de referencia do Sector da Construción declarado como Estratéxico pola Xunta de Galicia. Segundo estimacións de diferentes institucións, necesitará contratar nos próximos anos entorno a 3.500 traballadores/as ao ano. Esta falta de persoal é crítica non só para o sector senón tamén para a sociedade en xeral, xa que sen dita incorporación pódese poñer en risco a capacidade de dar resposta a un dos principais problemas da sociedade galega, como é a necesidade de construír vivenda nova de calidade e accesible á maioría da poboación galega.

Por outra banda, a Fundación é unha entidade con experiencia acreditada no desenvolvemento de programas de formación-emprego dirixidos a mellorar a cualificación das persoas desempregadas e a incrementar as súas posibilidades de inserción laboral; nesta liña ven apostando por programas vinculados ás familias profesionais Edificación e Obra civil e Industrias extractivas xustificado ademais pola necesidade de incorporar persoal cualificado ao sector da construción. No marco desa experiencia, detéctase a necesidade dunha especialización de determinadas funcións así como afondar en determinados coñecementos vencellados á realidade territorial do sector da construción galego, xa que se ben existen certificados profesionais do sistema de formación profesional no ámbito das citadas familias profesionais, o certo é que no marco deste proxecto vaise un chanzo máis alá co obxectivo de buscar unha especialización, o que xustifica a realización dunha formación deseñada "ad hoc" vencellada ás peculiaridades desa realidade do sector da construción galego.

A maioría das empresas galegas son micropemes que necesitan perfís moi polivalentes e difíciles de formar a través do sistema de formación regrado. Ademais, en moitos casos é



necesario unha formación específica asociada ás peculiaridades da construción tradicional de Galicia e cunha aplicación práctica en actuacións concretas de interese público e social.

A presente memoria xustificativa elabórase de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación, co obxecto de fundamentar a procedencia da concesión directa dunha subvención, instrumentada mediante convenio de colaboración, á Fundación Laboral da Construción para o desenvolvemento do programa "RenÓbrate".

A concesión directa da subvención xustifícase ao abeiro do previsto no artigos 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que permiten o outorgamento directo de subvencións cando concorran razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou cando resulte acreditada a singularidade da entidade beneficiaria e do proxecto, que fagan improcedente ou ineficiente a súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva. En particular, o artigo 26 da citada lei prevé a formalización destas subvencións mediante convenios, como instrumento xurídico idóneo para regular actuacións de colaboración entre a Administración autonómica e entidades que desenvolven actividades de interese xeral, permitindo establecer de forma expresa os obxectivos, compromisos das partes, financiamento, réxime de xustificación e mecanismos de seguimento e control.

O programa obxecto da subvención responde de maneira directa a obxectivos de interese público e social, nos termos esixidos polo artigo 19 da Lei 9/2007, ao incidir simultaneamente en:

- A mellora da empregabilidade de persoas desempregadas con formación orientada ao emprego efectivo.
- A contribuír a dar resposta ás necesidades de persoal cualificado do sector da construción para poder mobilizar miles de novas vivendas en todas as súas modalidades (protexida, de protección pública, rehabilitada, de nova construción) tal e como se contempla nos obxectivos do Plan de Vivenda da Xunta de Galicia.

Polo exposto, a concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de opoñer excepción do réxime común de concorrència competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social debidamente acreditado.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego
Zeltia Lado Lago

